



**JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE DESTE CONCELLO,
A TÓDOLOS VECIÑOS DESTE TÉRMINO MUNICIPAL.**

INFORMA: Que está aberto o prazo de solicitudes para o **PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL-BALNEARIOS**, que promove o **IMSERO**.

***BENEFICIARIOS**, residentes en España que reúnan algún destes requisitos:

- Pensionistas de xubilación ou incapacidade permanente
- Pensionistas de viudedade con 55 anos ou máis
- Pensionistas por outros conceptos ou perceptores de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 anos ou máis.
- Asegurado ou beneficiario do Sistema de Seguridade Social español, con 65 anos ou máis.
- Tamén persoas de nacionalidade española, residentes no estranxeiro perceptores de pensión ou asegurados/beneficiarios do Sistema da Seguridade Social español, e reúnan os outros requisitos esixidos.
- Poderán obter praza como acompañante o cónxuxe / parella de feito, sen necesidade de que reúnan os requisitos anteriores.
- Tamén poderán obter praza os fillos con discapacidade igual ou superior ao 45%, sempre na mesma quenda e compartindo habitación cos seus pais.

***REQUISITOS PARA OS PARTICIPANTES:**

- Non padecer alteracións de comportamento nin enfermidade transmissible con risco de contaxio
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria
- Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos
- Acadar, segundo a baremación establecida, a puntuación que lle permita acceder ao Programa

Se a temporada pasada a persoa solicitou praza e reunía os requisitos para participar no programa, o IMSERO remitiralle por correo un modelo simplificado para a renovación da súa solicitude.

Se accede por primeira vez ao Programa ou volve a solicitalo logo de non telo feito no ano 2015, deberá formalizar nova solicitude.

***QUENDAS E PRAZOS:**

- Para as quendas dos meses de febreiro ata agosto (ambos inclusive):
 - Para proceso adxudicación de praza: ata o día 11 de xaneiro de 2016.
 - Para a súa inclusión na lista de espera: ata o día 11 de maio de 2016.
- Para as quendas dos meses de setembro a decembro (ambos inclusive):
 - Para proceso adxudicación de praza: ata o día 11 de maio de 2016.
 - Para a súa inclusión na lista de espera: ata o día 31 de outubro de 2016.

Os interesados poden dirixirse ós Servizos Sociais do Concello.

O que informo para xeral coñecemento.
OzaCesuras a 10 de decembro de 2015.
O ALCALDE.-